



CONCELLO DE  
VIGO

AREA DE GOBERNO DE SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN  
MUNICIPAL

SEGURIDADE

## ANUNCIO

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 05 de setembro de 2025 adoptou (Expte: 142482-210) o seguinte :

### ACORDO

*Primeiro.- Aprobar o presente Proxecto de Zona de Baixas Emisións de Vigo que comprende dous documentos incorporados como*

- Anexo I, titulado Proyecto de ZBE;
- Anexo II, titulado Sistema de Control de Accesos e Circulación.

*Segundo.- Dispor a súa publicación na sede web do Concello de Vigo, nos termos e cos efectos previstos no art. 11 do Real Decreto 1052/2022.*

*Terceiro.- Dispor que pola Concellería da Área de Seguridade iníciase, de forma simultánea á publicación do Proxecto, o trámite de consulta pública da futura ordenanza reguladora.*

**Segundo.-** O Concelleiro de Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal con data de 09 de setembro de 2025 ditou (Expte: 142483-210) a seguinte

## RESOLUCIÓN

*1º.- Incoar expediente de aprobación do proxecto da ordenanza reguladora das zonas de baixas emisións.*

*2º.- Con carácter previo á elaboración do proxecto, acórdase a apertura dun período de consulta pública axustada ao disposto no art. 133 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común.*

**Terceiro.-** En consecuencia, remítese o presente anuncio ordenando a súa inmediata publicación no día da data, na sede web do Concello de Vigo, cos efectos previstos i) en canto á información pública do Proxecto de ZBE, no art. 11 do Real Decreto 1052/2022 polo que se regulan as zonas de baixas emisións, e art. 16 da Lei 27/2006 polo que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente; e ii) en canto á consulta pública da futura ordenanza, conforme ao disposto no art. 133 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común.

**Cuarto.-** A publicación realizarase no apartado dedicado ao Portal de Transparencia e Bo Goberno, na epígrafe "Normativa e información de relevancia xurídica".

Sinatura dixital



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/05/2026 12:57	Páxina 1 de 1
142483-210	CSV: AHBHB4-BHE843-2F558F-DLBKJG-CWZTXH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		